

Primaria

Lingua 5

Programación

Unidade 1

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Con sentimento

Descrición da unidade

Mediante os contidos e actividades desta unidade, o alumnado poderá repasar o aprendido no curso anterior e introducirse paseniño neste novo que comeza. Por iso, o libro ábrese da man dunha rapaza con inquietudes, afeccións, experiencias e sentimentos propios destas idades. A lectura despertará o interese dos escolares e, ao mesmo tempo, serve para presentar algúns dos contidos que se irán desenvolvendo a continuación: o vocabulario, a expresión, a creación literaria... Ademais, foméntanse valores como a gratitude, a autoestima, a perseveranza ou a empatía. Trátase de reforzar coñecementos coa práctica continuada, pero tamén de mellorar as competencias básicas e de acompañar os escolares no seu proceso cara a unha formación integral.

Un dos principais obxectivos é que os alumnos vexan as súas novas aprendizaxes de maneira atractiva e motivadora, que gocen aprendendo.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren e reforcen os coñecementos seguintes:

- Comprensión do sentido xeral dun texto, oral ou escrito.
- Léxico referido aos sentimentos.
- Uso do dicionario.
- Historia da lingua galega.
- Clasificación de palabras segundo o seu número de sílabas.
- Partición de palabras.
- Creación dunha carta.
- Características dos textos literarios que os diferencian doutro tipo de textos.
- Aspectos culturais intimamente relacionados co ámbito escolar.

Temporalización:

Setembro

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Utilizar correctamente o léxico referido aos sentimentos.
2. Utilizar o dicionario.
3. Coñecer brevemente a historia da lingua galega.
4. Clasificar palabras segundo o seu número de sílabas.
5. Partir palabras correctamente a final de liña.
6. Escribir unha carta
7. Identificar un texto literario.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Audición do texto da lectura cunha actitude favorable. • Lectura e comprensión dun texto narrativo. • Adquisición de novo vocabulario referido aos sentimentos e utilización do dicionario. • A lingua galega. • Clasificación de palabras en sílabas e correcta partición das mesmas. • Redacción dunha carta. • Identificación dos textos literarios fronte a outro tipo de textos. • Coñecemento dalgúns aspectos culturais relacionados co contorno escolar. 	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.
	2. Ler un texto narrativo con fluidez e comprensión.	2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección. 2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.
	3. Enriquecer o vocabulario con palabras referidas aos sentimentos e saber manexar o dicionario.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico relativo aos sentimentos e palabras novas. 3.2. Localiza palabras no dicionario, ordénaas alfabeticamente e coñece as abreviaturas correspondentes ás diferentes categorías gramaticais.
	4. Coñecer algún datos fundamentais na evolución da lingua galega.	4.1. Recoñece algúns momentos e persoas determinantes na historia da lingua galega.
	5. Clasificar as palabras segundo o seu número de sílabas e partilas adecuadamente a final de liña.	5.1. Divide as palabras en sílabas. 5.2. Parte correctamente as palabras a final de liña.
	6. Escribir unha carta.	6.1. Coñece a estrutura e as fórmulas propias das cartas.
	7. Distinguir os textos literarios dos non literarios.	7.1. Sabe identificar un texto literario fronte a outro tipo de textos.
	8. Aprender algúns aspectos da culturais próximos ao contorno escolar.	8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos culturais próximos á súa realidade cotiá e por participar neles.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais.	<ul style="list-style-type: none"> • CD-Audio do LA.
2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección.	<ul style="list-style-type: none"> • Suxestións metodolóxicas da PD. • Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.
2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de comprensión lectora dos RF. • Actividades propostas na PD.
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido aos sentimentos e palabras novas.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 1 de reforzo dos RF. • Actividades propostas na PD. • Proposta de aprendizaxe cooperativa na primeira dobre páxina desta unidade da PD.
3.2. Localiza palabras no dicionario, ordénaas alfabeticamente e coñece as abreviaturas correspondentes ás diferentes categorías gramaticais.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 2 de reforzo e actividade 2 de ampliación dos RF. • Actividades propostas na PD.
4.1. Recoñece algúns momentos e persoas determinantes na historia da lingua galega.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 3 reforzo e actividade 3 de ampliación dos RF.
5.1. Divide as palabras en sílabas.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • CD-Audio do LA (ditado). • Actividade 4 de reforzo e actividade 4 de ampliación dos RF.
5.2. Parte correctamente as palabras a final de liña.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • CD-Audio do LA (ditado).
6.1. Coñece a estrutura e as fórmulas propias das cartas.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD. • Proposta para desenvolver as intelixencias múltiples na PD.

7.1. Sabe identificar un texto literario fronte a outro tipo de textos.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.
8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos culturais próximos á súa realidade cotiá e por participar neles.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.• Suxestións metodolóxicas da PD.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Ler, comprender e comentar textos.	Entende os textos propostos para a realización das actividades.
	Gozar coa lectura.	Desenvolve o interese cara á lectura como fonte de aprendizaxe e entretemento.
	Captar o sentido dos textos orais.	Garda silencio e desenvolve a atención necesaria para entender o sentido dun texto.
	Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.	Entende a importancia de respectar as normas gramaticais e ortográficas para unha mellor expresión.
	Expresarse oralmente e por escrito de maneira ordenada e clara.	Exprésase con corrección.
	Entender o contexto socio-cultural da lingua, así como a súa historia, para un mellor uso da mesma.	Valora o galego como a lingua propia da nosa comunidade e mostra interese por usalo con corrección.
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Elabora creacións propias aplicando técnicas literarias.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto ao exercicio físico.	Recoñece a importancia de coidar a saúde.
	Realizar argumentacións con esquemas lóxico-matemáticos.	Aplica o razoamento dedutivo.
	Identificar e manipular elementos matemáticos en situacións cotiás.	Interpreta e utiliza gráficos para resolver actividades.
<i>Competencia dixital.</i>	Utilizar canles de comunicación audiovisual para facilitar o traballo.	Utiliza as TIC como apoio para a aprendizaxe.

	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta información verbal e gráfica.
<i>Aprender a aprender.</i>	Empregar o dicionario como fonte de información.	Manexa o dicionario como apoio para a aprendizaxe e para resolver as actividades.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión dos contidos.	Mellora a capacidade de memorización mediante o recitado e a escoita de textos poéticos. Utiliza técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe.
	Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes.	Realiza actividades seguindo unhas pautas.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolve as distintas intelixencias múltiples.	Desenvólvese con autonomía en contornos cotiáns.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Identificar as implicacións que ten vivir nun estado social e democrático de Dereito referendado por unhas leis.	É consciente de que a sociedade en xeral e a lingua en particular se rexen e protexen ao amparo das leis.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Valora a tolerancia e o compañeirismo e rexeita calquera actitude discriminatoria ou ofensiva. Valora e respecta a lingua como ben cultural que define a un pobo. Valora a carta como forma de comunicación interpersoal.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Mostra unha actitude responsable na realización das tarefas e interese por mellorar.
	Optimizar o uso de recursos materiais e personais para a consecución de obxectivos.	Utiliza os recursos que ofrecen as bibliotecas como apoio no proceso de aprendizaxe.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.	Transmite sentimentos e vivencias a través de sinxelos textos literarios.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Comentario da lectura

- Escoitamos o texto da lectura no CD-Audio ou lémosllelo en voz alta aos alumnos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas e actividades da PD, e coa ficha de comprensión lectora dos RF.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

Tarefa 2: Vocabulario

- Aprendemos o léxico referido aos sentimentos no LA e co apoio do dicionario.
- Traballamos co dicionario.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD (na primeira dobre páxina), de traballo cooperativo.

Tarefa 3: Gramática

- Aprendemos a historia da lingua galega no LA.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD e coas fichas comprensión lectora, de reforzo e de ampliación dos RF.

Tarefa 4: Ortografía

- Aprendemos no LA a clasificar as palabras segundo o seu número de sílabas e a partilas correctamente a final de liña.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Escoitamos o ditado no CD-Audio.
- Completamos coas suxestións metodolóxicas e co ditado complementario da PD, e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 5: Expresión

- Aprendemos no LA a escribir unha carta.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos coas suxestións metodolóxicas e coas actividades da PD.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, para desenvolver as intelixencias múltiples.

Tarefa 6: Literatura

- Aprendemos a recoñecer textos literarios no LA.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

Tarefa 7: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA e do LD.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

Tarefa 8: A nosa cultura

- Aprendemos no LA aspectos culturais próximos ao contorno do alumno.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas e actividades da PD.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Nesta primeira unidade, os alumnos repasarán algúns contidos xa estudados no ciclo anterior.
- Será importante fixar desde o principio hábitos de traballo, como copiar os textos con atención e limpeza, subliñar as ideas máis importantes, observar e razoar, fixarse nas imaxes que acompañan aos textos, utilizar o dicionario, etc.
- Aproveitarase para falar sobre a experiencia persoal dos rapaces e rapazas nestes primeiros días de clase.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua:

- O CD-Audio que acompaña o libro do alumno.
- Dicionario de lingua (Dicionario Xerais de Primaria).
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Cadernos de ortografía e murais ortográficos.
- Murais de conxugacións verbais.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta didáctica.
- Bibliografía:
 - Roald Dahl: *A marabillosa medicina de George*, Edicións Xerais, col. Merlín.
 - Mira Lobe: *A avoíña da maceira*, Ed. Juventud.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña á Proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Información de interese:
 - Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do>
 - Biblioteca de Literatura Infantil e Xuvenil: <http://www.filix.org/home.html>

- Biblioteca Virtual Galega: <http://bvg.udc.es>
- Breve percorrido pola historia da lingua galega:
<http://www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg/loia/historia.php?idioma=1&id=20>

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Proba de avaliación da unidade.
- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Avaliación do traballo competencial.

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades advirto no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?